

Chinto pelado
faim'un arado
pero non teño macheta
ai, nin machado.

Teño macheta,
teño machado,
heicho facer miña nena
no traballo.

Miña nai e mala túa
foron xuntas a taberna,
a miña comproume viño,
a túa douche boa merda.

Miña nai e mala túa
foron a unha romaría
a túa comeu a merenda
e a miña pasou co que tiña.

Miña nai e maila túa
foron a unha romaría,
a túa como é lambona
coméull'a merenda a miña.

Miña nai e maila túa
van xuntas, no Xibaleu
cando a túa dou a volta
a miña xa foi e veu.

O cuco e maila cuca
iban polo prad'abaixo
decíalle o cuco á cuca
que ben che qued'ó refaixo.

O cuco e maila cuca
iban polo prad'arriba,
decíalle o cuc'á cuca
que ben che qued'á mantilla.

Josefina de Rogelio
tén un vestido de seda
que llo fixo súa nai
antes de parila nena.



Tés unha boca moi ghrande
e o nariz moi aghillado,
a medida dos teus dentes
a chavella do carro.

O meu amo tench'ovellas
e por tras do calzoncillo
heino de lovar pá cama
co calor...

/:Hai que afiala:/
a navalla de Pepe
non corta nada.

O cura desta parroquia
mala centella aí Dio-lo coma
enterráronll'ó carallo
debaixo da cama dela.

/:Hai que afiala:/
a navalla de Pepe
non corta nada.

/:Esta noite a maila outra
a maila noite pasada:/
/:abelei unha pereira
que nunca foi abelada:/

/:Hai que afiala:/
a navalla de Pepe
/:non corta nada:/
corta bastante
tanto corta por tras
como corta por diante.

...

/: Aldeña por aldeia
de Santiagho a la Coruña:/
aldeña por aldeia
coma ser ende ningunha.

/:Hai que afiala:/
a navalla de Pepe
/:non corta nada:/
corta bastante
tanto corta por tras
como corta por diante.



/:O muíño da Carballa
bota fariña por baixo:/
as mociñas qu'hai agora
sonche... debaixo.

Dám'ó que che pido, nena,
dámo que non é pecado,
unha muxica de lume
pra prender o meu cigharro.

Ehí veñen, ehí veñen,
ehí veñen, ehí van,
sardiñas fresquiñas
/:de pola mañán:/
ehí veñen, ehí veñen,
ehí veñen, ehí van.

Dám'ó que che pido, nena,
dámo que non é pecado,
unha muxica de lume
pra prender o meu cigharro.